

# I XORNADA SOBRE COEDUCACIÓN RURAL, ECOFEMINISMOS E DIVERSIDADES

30 setembro e 1-2 outubro  
Pazo da Peregrina (Avda. da Peregrina, 16. Bertamiráns – Ames)

## Obxectivos:

- ✓ Coñecer a importancia do xénero, as estéticas, a orientación sexual e a identidade de xénero na dimensión individual, grupal e comunitaria. Así como abordar a resiliencia identitaria, a expresión de afectos e a xestión amorosa no desenvolvemento persoal e colectivo das mulleres e persoas LGTBI do rural.
- ✓ Profundar nas diferentes formas de violencia de xénero e de *bullying* LGTBIQfóbico. Así como as sucesivas formas de colonizar e agredir o medio rural.
- ✓ Asumir estratexias prácticas para aplicar os feminismos na realidade educativa da vida rural dende unha óptica freireana.
- ✓ Afondar nos procesos de vulnerabilización, estigmatización e cousificación da diversidade afectivo-sexual nos contornos rurais.
- ✓ Comprender as vantaxes e beneficios da praxe coeducativa dende un enfoque emancipatorio, intercultural e non urbanita.

## Metodoloxía didáctica:

Esta acción formativa baséase na aprendizaxe cooperativa. A metodoloxía didáctica presentada busca a participación activa en base á problematización de casos e á deconstrución de ideas previas. Para esta tarefa farase uso de técnicas educativas colaborativas como son o videofórum, os grupos de discusión e *role-playing*; ademais xeraranse mapas conceptuais e *brainstorming* buscando en todo momento a creatividade colectiva. Nos catro bloques temáticos expostos mesturárase o formato palestra-debate con diversos obradoiros.

## Profesorado:

**Isabel Álvarez Fernández:** Licenciada en Tradución e Interpretación. Mestrado en Cooperación para o Desenvolvemento. Formadora de formadoras en educación afectivo-sexual. Promotora de Igualdade de xénero. Docencia da formación profesional para o emprego. Experta en ecofeminismos.

**Ángel Amaro Quintas:** Licenciado en socioloxía. Mestrado en Investigación Educativa. Posgrao de Experto en infancia e Xuventude en Risco social. Certificado de Profesionalidade de Docencia da formación profesional para o emprego. Membro do Grupo de Educación no Rural de Nova Escola Galega. +info: <http://coeducacionrural.blogspot.com/>

## Programación da actividade:

VENRES 30

**Bloque I. Diversidades afectivas, familiares, sexuais e amorosas: o noso corpo, o noso territorio.**

17.00 - 17.30 Benvida e entrega de materiais.

17.30 - 19.00 Palestra: espectro sexo-afectivo: identidades, vivencias e realidades minorizadas.

19.00 - 19.30 *Descanso*.  
19.30 - 21.00 Obradoiro: a sexodiversidade no rural.

## SÁBADO 1

### Bloque II. Máis alá da coeducación urbana: o ecofeminismo entra nas aulas.

10.00 - 11.30 Palestra: aspectos básicos da coeducación rural e achegas dende o transfeminismo, o ecofeminismo e o feminismo comunitario.  
11.30 - 12.00 *Descanso*.  
12.00 - 14.00 Obradoiro: ecofeminismo/s para principiantes.  
14.00 - 16.00 *Xantar*.

### Bloque III. Violencias Baseadas no Xénero (VBX) e violencias identitaria: machismo, LGTBIQfobia e ruralfobia.

16.00-17.30 Palestra: a interseccionalidade das violencias patriarcais.  
17.30-17.45 *Descanso*.  
17.45-19.45 Obradoiro: micromachismos e violencias patriarcais nos contornos rurais.  
19.45-20.00 *Descanso*.  
20.00-21.00 Videofórum: aprendendo dos activismos do Sur.

## DOMINGO 2

### Bloque IV. Novas propostas teórico-prácticas para dinamizar a pedagogía emancipatoria no rural.

10.00-11.30 Palestra: aplicación no rural das epistemoloxías do Sur global.  
11.30-12.00 *Descanso*.  
12.00-14.00 Obradoiro: deseño e elaboración de materiais pedagóxicos propios.  
14.00 - 16.00 *Xantar*.

16h-19h **Conclusións.**

## Ficha técnica

### Destinatarias/os:

- ✓ Profesorado.
- ✓ Educadores/as en xeral que sexan autónomas/os, docentes no eido do ensino non formal, cooperativas de ensinanza, animadoras/es socioculturais e dinamizadoras/es comunitarias/os etc.
- ✓ Estudiantes de maxisterio, socioloxía, traballo social, educación social etc.
- ✓ Persoas vinculadas a asociacións culturais e de mulleres, LGTBIQ etc.

### Horas:

20

### Matrícula:

Ata 03/09/16: matrícula ordinaria (45€); paradas/os e estudantes (25€); socias/os de NEG (15).  
Dende o 04/09/16: matrícula ordinaria (50€); paradas/os e estudantes (30€); socias/os de NEG (20€).  
(\* Deberase acreditar no seu caso, a condición de desempregada/o, estudante e membro de NEG.

### Certificado:

Diploma acreditativo de NEG.

### **Inscripcións:**

Enviarase o formulario de inscrición debidamente cuberto, xunto co xustificante bancario (indicar nome e apelidos e nome da actividade) a: *Nova Escola Galega - Rúa das Hedras, 4-2ºO, Novo Milladoiro - 15895 - Ames*. Ou ben por correo electrónico a: [neg@neg.gal](mailto:neg@neg.gal)

(\*) Datos bancarios para o ingreso: Conta en ABANCA - titular: Nova Escola Galega / ES77 2080 0300 85 3040089500